



X CARREIRA PEDESTRE DO CONCELLO DE OUTES 2017

Carreira pertencente ao V Circuito Provincial de Carreiras Populares

DATA: Mércores 17 de Maio de 2017

SAÍDA: Praza de Galicia

ORGANIZA: Departamento de deportes do Concello de Outes.

E-MAIL de incidencias de championchip: consulta@championchipnorte.com

TELÉFONO DE INCIDENCIAS (champion chip): 982 816 884

PATROCINA: Concello de Outes

COLABORA: Protección Civil de Outes, Policía Local, Garda Civil, Club Atletismo Outes e demais voluntarios.

CATEGORÍAS:

- Chupetes: 2014 E POSTERIORES. 50MTS
- Pitufos: 2012-2013. 100MTS
- Prebenxamíns: 2010-2011. 225MTS
- Benxamín: 2008-2009 .450MTS
- Alevín: 2006-2007. 1KM
- Infantil: 2004-2005. 1KM
- Cadete: 2002-2003. 3KM
- Xuvenil: 2000-2001. 3KM
- Carreira Absoluta de 3KM: de 1999 e anteriores. 3KM
- Junior: 1999- 1998. 10KM
- Promesa: 1995 - 1996 - 1997. 10KM
- Sénior: 1994 ata veteranos. 10KM
- Veteranos/as 1: de 35 a 40 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10KM
- Veteranos/as 2: de 41 a 49 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10KM
- Veteranos/as 3: de 50 a 59 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10KM
- Veteranos/as 4: a partir de 60 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10Km



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

HORA DE COMEZO

O comezo da primeira carreira de alevíns e infantís de 1 km será ás 10:30 h; cadetes, xuvenís e Carreira Absoluta de 3 Km ás 10:45 h e o comezo da de 10 km sobre as 11:20 h. As carreiras de chupetes, pituf@s, prebenxamín e benxamín terán lugar despois de dar a saída da carreira de 10 km e será dentro do campo de fútbol. O comezo da carreira de benxamíns 450 m será ás 12:35 h (nesta carreira realizarase una carreira de nenos e unha de nenas); prebenxamíns 225 m será as 12:40 h (nenos e nenas xuntos); a carreira de 100 m de pitufos será ás 12:45 h (nenos e nenas xuntos); e chupetes de 50 m será ás 12:50 h (nenos e nenas xuntos). As distancias nestas últimas carreiras (benxamín, prebenxamín, pitufos e chupetes) son aproximadas.

INSCRICIÓNS

Ata as **24:00 h do domingo 14** de maio a través da web de championchip (www.championchipnorte.com). Para as categorías participantes na carreira de 10 km e Carreira Absoluta de 3 Km a inscrición terá un custo de **4 euros** para os non propietarios de chip (2 euros aluguer + 2 euros de inscrición), e de **2 euros** para os propietarios de chip amarelo; para o resto de categorías a inscrición é gratuíta e débese marcar o desconto correspondente na inscrición. As persoas da carreira absoluta (10 Km) que marquen o desconto que non lles corresponde, serán eliminados da inscrición.

Ante calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición na web de championchip, podédesvos dirixir ao teléfono 982 816 884 ou ao enderezo electrónico consulta@championchipnorte.com

Os nenos e nenas das categorías de chupetes, pitufos e prebenxamín tamén deberán inscribirse a través de championchip (se quedan fóra do prazo de inscrición poderán participar igual na carreira. Nestas categorías todos os participantes **inscritos** pola web recibirán unha medalla.)

DATOS OBRIGATORIOS PARA AS INSCRICIÓNS:

NIF con letra, Nome e Apelidos, Data de Nacemento completa, Sexo, Localidade, Provincia, Teléfono de contacto (se o ten), mail de contacto (se o ten), Nome do Club (se o ten) e Licenza federativa (se ten). Deberá indicar tamén se está **empadroadado** no Concello de Outes para puntuar nos premios locais (non vale estar vivindo en Outes, hai que estar empadroadado).

As inscricións sen datos obrigatorios ou fóra do prazo fixado, tanto para a proba de 10 Km como as carreiras curtas, non serán admitidas.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS, SAÍDA E META

No pavillón polideportivo da Serra, dentro do campo de fútbol, poderanse retirar os dorsais e os chips ata 30 minutos antes do comezo da carreira na que o corredor vaia participar. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais nin chips fóra dese prazo.

Na praza de Galicia situarase a saída e a meta de todas as carreiras, agás a de chupetes, pituf@s, prebenxamíns e benxamíns (50, 100, 225 e 450 metros) que terá lugar dentro do recinto do campo de fútbol.

PREMIOS

- ✓ Medallas para todos os participantes nas categorías chupetes, pituf@s e prebenxamíns.
- ✓ Trofeos para os 3 primeir@s clasificados en todas as categorías agás chupetes, pituf@s, e prebenxamíns (nestas categorías todos levarán medalla).
- ✓ Trofeos para os 3 primeir@s da categoría xeral (10 Km) e para a carreira absoluta de 3KM.
- ✓ Trofeo para o primeir@ de Outes da categoría xeral (10 Km) e na carreira absoluta de 3KM.
- ✓ Trofeo para o primeir@ de Outes nas categorías: benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.
- ✓ Trofeo para os tres primeiros clubs na carreira absoluta.
- ✓ Trofeo para o club con máis participantes.

Os corredores de Outes deben indicalo á hora de inscribirse para poder optar ós premios locais (é necesario estar empadroados). Non haberá premios económicos e os trofeos non serán acumulativos.

PERCORRIDO

- ✓ Carreiras de 50 m, 100 m, 225 m e 450 m: terán lugar arredor do campo de fútbol. (As distancias destas catro carreiras son aproximadas).
- ✓ Carreira de 1 Km (1.000 metros): saída da praza de Galicia, dirección rúa Doutor Esperante, rúa de Compostela, rúa do Cunchido ata a praza de Galicia.
- ✓ Carreira de 3 Km (3.000 metros): terán que dar 3 voltas ao circuíto de 1 Km.
- ✓ Carreira de 10 Km: saída e meta na praza de Galicia, o percorrido levarase a cabo polas rúas e pistas do concello.

A organización chegado o momento poderá variar o percorrido se xorde algún imprevisto.



REGULAMENTO

- ⇒ O departamento de Deportes do Concello de Outes será o organizador da X Carreira Pedestre de Outes.
- ⇒ A adhesión ao V CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES, supón:
 - a) A aceptación das bases aprobadas pola Deputación da Coruña para o desenvolvemento do circuito.
 - b) A carreira estará controlada pola Federación Galega de Atletismo que considerará condutas antirregulamentarias do/a atleta:
 - ✓ Non levar o dorsal perfectamente colocado
 - ✓ Participar cun dorsal que corresponda a outro corredor.
 - ✓ Non realizar o percorrido da carreira completo
 - ✓ Non atender as indicacións dos membros da organización.
 - ✓ Entrar fóra da hora prevista pola organización.
 - ✓ Realizar a inscrición alterando os datos de maneira maliciosa.
 - ✓ Calquera outras de análoga natureza que, a xuízo da organización da carreira, poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- ⇒ O Concello de Outes, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os espectadores ou outras persoas alleas a esta proba deportiva, nin outros que, con motivo da competición, poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
- ⇒ Todos os participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
- ⇒ O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
- ⇒ Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalos ou dobralos. O número debe quedar en todo momento ben visible.
- ⇒ Nas carreiras de 1 Km, 3 Km e 10 Km utilizarase un **chip** como xeito de cronometraxe electrónica, da empresa Championchip. Este entregáraselle ao corredor, xunto co dorsal antes do comezo da proba. O chip hai que colocalo na zapatilla, enganchándoo co cordón. Se o chip vai colocado noutro sitio córrese o risco de que non funcione correctamente. Ao rematar a carreira hai que quitalo e entregarllo aos encargados de recoller os chips (na



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

mesa de entrega de dorsais ou a chegada na liña de meta onde se colocarán unhas caixas para a súa recollida). **¡É OBRIGATORIO DEVOLVER O CHIP!**

- ⇒ Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou a xuízo da organización cometa algunha irregularidade, será descualificado.
- ⇒ A saída da 1ª carreira de 1 Km será ás 10:30 h; a de 3 km ás 10:45 e a carreira de 10 Km está previsto que teña a saída ás 11:20 h. Os pequeniños de todo (benxamín, prebenxamín, pitufos e chupetes) correrán polo campo de fútbol e a saída da primeira carreira será as 12:35h aproximadamente.
- ⇒ Os participantes deberán situarse na saída 10 minutos antes do comezo da proba. Os horarios son os seguintes:
 - Alevíns e infantís: 10:30 horas (1 Km).
 - Cadetes e xuvenís e Carreira Absoluta de 3 Km: 10:45 horas.
 - Categorias restantes (carreira de 10km): 11:20 horas.
 - Benxamíns: 12:35 horas.
 - Prebenxamíns: 12:40 horas.
 - Carreira de pituf@s: 12:45 horas.
 - Carreira de chupetes: 12:50 horas.

Nota: os horarios e percorrido non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora.

- ⇒ A organización establece as seguintes categorías:
 - Chupetes: 2014 E POSTERIORES. 50 MTS
 - Pitufos: 2012-2013. 100 MTS
 - Prebenxamíns: 2010-2011. 225 MTS
 - Benxamín: 2008-2009 .450 MTS
 - Alevín: 2006-2007. 1 KM
 - Infantil: 2004-2005. 1 KM
 - Cadete: 2002-2003.1 KM
 - Xuvenil: 2000-2001.3 KM
 - Carreira Absoluta de 3 KM: de 1999 e anteriores. 3 KM
 - Junior: 1999- 1998. 10 KM
 - Promesa: 1995 - 1996 - 1997. 10 KM
 - Sénior: 1994 ata veteranos. 10 KM
 - Veteranos/as 1: de 35 a 40 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10 KM
 - Veteranos/as 2: de 41 a 49 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10 KM
 - Veteranos/as 3: de 50 a 59 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10 KM
 - Veteranos/as 4: a partir de 60 anos de idade cumpridos ata o día da proba. 10 Km



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

- ⇒ Na carreira de 10 km o percorrido estará sinalizado e contará cun avituallamento na metade do percorrido.
- ⇒ A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
- ⇒ Un vehículo irá abrindo e outro pechando a carreira, facendo funcións de "coche escoba".
- ⇒ O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descualificación.
- ⇒ **O control de chegada na carreira de 10 Km pecharase 40 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.**
- ⇒ As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais e dentro dos prazos sinalados. Todo aquel que non se axuste a estas indicacións non poderá participar na proba.
- ⇒ Os trofeos non serán acumulativos.
- ⇒ A entrega de trofeos está prevista para as **13:05 h** dentro do pavillón polideportivo de Outes.
- ⇒ Os corredores poderán utilizar o pavillón e os **vestiarios** do campo de fútbol **para asearse e ducharse** despois da carreira.
- ⇒ Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da RFEA e a FGA para probas de ruta en vigor.
- ⇒ Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.
- ⇒ Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta.
- ⇒ Limite de participantes: 500 corredores.
- ⇒ O control de chegada correrá a cargo de xuíces de Federación Galega de Atletismo, dado que a proba está dentro do circuíto de carreiras populares da Deputación da Coruña.